Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Distintivo de Igualdade
Centro certificado FIDES-AUDIT
Campus de Vigo 36310 Vigo España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 22 de outubro de 2025

Anexos:

I. Convocatoria de Xunta de Escola do 22/10/2025
II. Asistentes á Xunta de Escola do 22/10/2025
III. Informe da Directora
IV. Actas dos tribunais de Premio Extraordinario Fin de Grao (curso 2024/2025)
V. Rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2023/2024)*
VI. Rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2023/2024).*

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Constitución da Xunta de Escola para o curso 2025/2026**.

A Directora indica que, en base aos datos proporcionados pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, se producen os seguintes cambios na composición da Xunta de Escola para o curso 2025/2026:

- Altas no colectivo de profesorado con vinculación permanente:
  - Moisés Cordeiro Costas
  - Iria Feijoo Vázquez
  - Ignacio Pérez Rey
- Baixas no colectivo de profesorado con vinculación permanente:
  - Belén Díaz Fernández
  - Teresa Rivas Brea (por concesión de sabático)
- Altas no colectivo do estudantado:
  - Héctor Santorum Ruíz
  - Rodrigo Vergara Pérez
- Baixas no colectivo do estudantado:
  - Carmen Alonso Pérez
  - Martina Cárdenas Corral
  - Mateo Salgado Díaz

A Directora agradece ás persoas que causan baixa a súa participación na Xunta de Escola e da a benvida ás que se incorporan.

2. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2025**.

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre.

3. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no Anexo III.

4. Ratificación, se procede, das actas dos tribunais de Premios Extraordinarios Fin de Grao correspondentes ao curso 2024/2025, para os graos impartidos nesta Escola.

A Directora lembra a normativa, salienta que os criterios académicos xa están establecidos pola normativa da Universidade e expoñe as propostas efectuadas polos tribunais de cada grao, recollidas nas correspondentes actas (Anexo IV).

A Xunta de Escola ratifica, por asentimento, as actas dos tribunais.

5. Aprobación, se procede, da asignación de equipamento en laboratorios docentes para o curso académico 2025/2026.

A Directora amosa a proposta recollida na seguinte táboa e a comenta, sinalando que os gastos das celas sombreadas están pendentes de execución.

Peticionario	Concepto	Coste	IVA	Total
Escola	Relojes aulas	456,89	95,95	552,84
Escola	Portátil aulas	430,00	90,30	520,30
Escola	Ordenador portátil	576,25	121,01	697,26
Escola	Pantalla	92,00	19,32	111,32
Escola	Medidores radón	628,60	132,01	760,61
Escola	Cañón aulas	1290,00	270,90	1560,90
Escola	Webcams	459,00	96,39	555,39
Escola	Ordenador Conserjería	396,13	83,19	479,32
Escola	Ordenador Dirección	997,42	209,46	1206,88
Escola	Equipo aula videoconferencia	677,62	142,30	819,92
Escola	Mesas nova aula informatica	1465,00	307,65	1772,65
Escola	Ordenadores nova aula informática	5019,20	1054,03	6073,24
P. Eguía	Licencias software Iscar	725,00	152,25	877,25
J. Canosa e Á. Domínguez	HYSYS	500,00	0,00	500,00
G. Fernández e G. García	Comsol	361,79	0,00	361,79
I. Goicoechea	Software CYPE	875,00	183,75	1058,75
A. Rodríguez	Reactor de mezcla completa	2981,00	626,01	3607,01

B. Díaz	Ultratermostato Circ	2053,72	431,28	2485,00
A. Suárez	CPU S7- 1200 Siemens	199,45	41,88	241,33
M.S. Álvarez	Reactor flujo pistón	1800,00	378,00	2178,00
			Total	**26419,76**
			Dotación partida	**26770,60**
			Resto	**350,82**

Salienta que este curso se poden asumir todas as solicitudes achegadas. A continuación cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Relacións Internacionais, quen aclara que os conceptos denominados "*nova aula informática*" se corresponden a unha sala con ordenadores para traballo en grupo, para dar resposta a unha demanda do estudantado. Aproveita para lembrar que o 3 de novembro remata o prazo para gasto da partida asignada as áreas.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

Agradécese a Francisco Deive o traballo desenvolvido.

6. Aprobación, se procede, da composición das Comisións de Compensación dos graos para o curso 2025/2026.

A Directora sinala que, para esta comisión, hai que sortear as áreas e os seus representantes. Cede a palabra a Carmen Romo, quen explica o proceso e efectúa o sorteo. Sinala que non hai representación en Xunta de Centro do estudantado do Grao en ERME; os dous estudantes presentes ofrécense como titular e suplente.

As composicións resultantes para as Comisións de Compensación dos graos, para o curso 2025/2026, serían as seguintes:

Presidente/a: Coordinador/a do Grao correspondente

Tres vocais do profesorado:

TITULARES	SUPLENTE
Área: Estratigrafía Profesorado: José Bienvenido Díez Ferrer	Área: Proxectos na Enxeñaría Profesorado: Itziar Goicoechea Castaño
Área: Tecnoloxía do Medio Ambiente Profesorado: Rafael Barrionuevo Giménez	
Área: Estatística e Investigación Opetativa Profesorado: Ángeles Saavedra González	

Un vocal do estudantado:

Non hai ningún representante do estudantado do Grao ERME.

TITULAR	SUPLENTE
Alumnado: Héctor Santorum Ruíz	Alumnado: Rodrigo Vergara Pérez

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

7. Renovación, se procede, da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora sinala que hai que renovar a composición da comisión e amosa a proposta recollida na seguinte táboa.

Colectivo	Titular	Suplente
Profesorado 1º Graos	Javier Vijande López	Elena González Rodríguez
Profesorado 2º Graos	Beatriz Guitián Saco	Mª del Carmen Pérez Pérez
Profesorado 3º-4º GERME	Fernando García Bastante	Leandro Alejano Monge
Profesorado 3º-4º GEE	Pablo Eguía Oller	Javier Taboada Castro
Profesorado MUEM	Eduardo Giráldez Pérez	Ignacio Pérez Rey
Alumnado	Romina Pacini Belén Parente Artime Héctor Santorum Ruiz Rodrigo Vergara Pérez	Juan Pablo López Castillo
PAS	Mª Carmen Romo Pérez	Jesús García Caurel

Apróbase a nova composición por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora sinala que un posto na comisión vai ligado ao posto de enlace de Igualdade, polo que no presente curso lle corresponde a María Pazo Rodríguez en lugar de Generosa Fernández Manín. Por outra banda, Ignacio Pérez Rey substitúe a Teresa Rivas, que se atopa de ano sabático, como representante do Máster EM. Tamén débense renovar aos representantes do estudantado xa que remataron os seus estudos. A proposta de composición da comisión sería a seguinte:

Nome e apelidos	Representatividade
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario/ Coordinador de Calidade
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Ignacio Pérez Rey	Representante do Máster EM
María Araújo Fernández	Coordinadora Máster XSA
María Pazo Rodríguez	Enlace Igualdade
Ana Rodríguez Rodríguez	Coordinadora do PAT/PIUNE
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Pablo Eguía Oller	Representante dos departamentos con docencia no centro
Héctor Santorum Ruíz	Representante do estudantado de grao 1
Rodrigo Vergara Pérez	Representante do estudantado de grao 2

Belén Parente Artime	Representante do estudantado de máster
Juan Jesús Rico Fuentes	Representante do estudantado egresado
Mª Carmen Romo Pérez	Representante da Administradora do centro
Diego López González (titular) Luisa Álvarez Zaragoza (suplente)	Representantes da Sociedade

A Xunta de Escola aproba a nova composición por asentimento.

9. Aprobación, se procede, do calendario de prácticas de campo e saídas de estudo para este primeiro cuadrimestre do curso 2025/2026.

A Directora indica que se habilitou o procedemento habitual para a solicitude de saídas de campo e que, unha vez rematado o prazo o 20 de outubro, recibíronse un total de 15 solicitudes que se recollen no seguinte cadro. Aclara que as marcadas en azul xa foron realizadas.

N	Materia	Titulación	Destino	Nº previsto estudantado	Data prevista da viaxe
1	Todas as materias de primeiro curso	GERME+GEE	Ourense (Ourense)	74	02/10/2025
2	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia	GERME	Doade-Beariz (Ourense)	5	15/10/2025
3	Deseño avanzado de redes	MUXSA	A Coruña	4	23/10/2025
4	Drons no ámbito dos recursos	MUEM	Caldas de Reis (Pontevedra)	5	27/10/2025
5	Enxeñaría do solo aplicada a instalacións enerxéticas	GEE	Meaño (Pontevedra)	8	28/10/2025
6	Voaduras	GERME+MUEM	Caldas de Reis (Pontevedra)	12	XX/10/2025
7	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia	GERME	Porto do Molle (Nigrán - Pontevedra)	5	07/11/2025
8	Drons no ámbito dos recursos	MUEM	Cariño (A Coruña)	5	10/11/2025
9	ESRM I + ESRM + Rochas industriais e ornamentais	GERME+MUEM	O Porriño (Pontevedra)	10	11/11/2025
10	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia + enxeñaría para a xestión, valorización e tratamento de residuos mineiros	GERME	Touro (A Coruña)	5	14/11/2025
11	Enxeñaría do solo aplicada a instalacións enerxéticas	GEE	Ourense (Pontevedra)	8	25/11/2025
12	Enxeñaría do solo aplicada a instalacións enerxéticas + enerxías alternativas fluidodinámicas	GEE	Silleda (Pontevedra)	20	28/11/2025
13	Procesos de recuperación de menas	GERME	Salvaterra de Miño (Pontevedra)	3	.../11/2025

14	Procesos de recuperación de menas + concentración de menas	GERME+MUEM	Vimianzo (A Coruña)	4	.../11/2025
15	Enxeñaría mineira	MUEM	Salvaterra de Miño (Pontevedra)	5	.../11/2025

Apróbase por asentimento o calendario definitivo de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2025/2026.

10. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2023/2024)*.

A Directora lembra que é o cadro de mando e sinala que é a primeira fase no proceso de revisión anual das titulacións. Amosa o documento (ANEXO V), que ven de ser validado na Comisión de Calidade do 21 de outubro, e comenta a súa estrutura indicando que recolle a recompilación dos indicadores do curso 2023/2024 xunto cos dos dous cursos anteriores a modo de referencia. A continuación salienta os aspectos máis relevantes.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o rexistro do SGIC.

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado na recompilación da información e na elaboración do documento.

11. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2023/2024)*.

A Directora sinala que o documento (ANEXO VI) foi achegado aos membros da xunta de centro, con antelación, e aclara que xa foi validado pola Comisión de Calidade o 21 de outubro. Lembra a idea e a utilidade do IRPD e, a continuación, amosa e comenta a estrutura xeral do informe, que é similar á do curso anterior, salvo pola non inclusión das táboas correspondentes ao cadro de mando.

A continuación sinala os principais aspectos, comentando os seus datos e facendo unha breve análise de cada un dos epígrafes.

Da sección dedicada ao centro destaca a acción de mellora definida sobre a publicación da web en inglés, importante sobre todo para as titulacións de Máster Universitario da Escola.

Amosa tamén as seccións dedicadas a cada titulación, salientando as principais valoracións, a situación das accións de mellora abertas e as propostas de novas accións de mellora.

Finalmente indica as conclusións do informe. Propón a aprobación delegando na dirección a última revisión do documento para corrixir as últimas erratas detectadas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2023/2024)*.

Agradécese a Guillermo García e Carmen Romo o traballo realizado na recompilación da información e na elaboración do documento.

12. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai.

13. Rogos e preguntas.

Javier Vijande pregunta se, co incremento da matrícula nas titulacións de grao, habería que aumentar o número de grupos A, B e C das materias de primeiro, recuperando a configuración de grupos de fai anos, cando había máis matrícula. A Directora responde que se estudiará na próxima elaboración da PDA das titulacións para o curso 2026/2027.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e dous de outubro de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 22/10/2025

Universidade Vigo

Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o mércores 22 de outubro 2025, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

1) Constitución da Xunta de Escola para o curso 2025/2026.
2) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2025.
3) Informe da Directora.
4) Ratificación, se procede, das actas dos tribunais de Premios Extraordinarios Fin de Grao correspondentes ao curso 2024/2025, para os graos impartidos nesta Escola.
5) Aprobación, se procede, da asignación de equipamento en laboratorios docentes para o curso académico 2025/2026.
6) Aprobación, se procede, da composición das Comisións de Compensación dos graos para o curso 2025/2026.
7) Renovación, se procede, da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
8) Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
9) Aprobación, se procede, do calendario de prácticas de campo e saídas de estudo para este primeiro cuadrimestre do curso 2025/2026.
10) Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2023/2024)*.
11) Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2023/2024)*.
12) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
13) Rogos e preguntas.

Vigo, 15 de outubro de 2025

O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA

Código seguro de Verificación : GEN-f6a6-778d-36c2-6d46-c215-143a-3051-6571 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

CSV : GEN-f6a6-778d-36c2-6d46-c215-143a-3051-6571
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 15/10/2025 12:22 | NOTAS : F

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola Ordinaria do 22/10/2025

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 22/10/2025

Persoal Docente e Investigador

1. Alejano Monge, Leandro
2. Alonso Prieto, Elena
3. Andrés Herguedas, Laura
4. Araújo Fernández, María
5. Cabeza Simó, Marta
6. Cordeiro Costas, Moisés
7. Deive Herva, Francisco Javier
8. Feijoo Vázquez, Iria
9. García Bastante, Fernando
10. García Lomba, Guillermo
11. Giráldez Pérez, Eduardo
12. Goicoechea Castaño, María Iciar
13. Guitián Saco, Mª Beatriz
14. Patiño Vilas, David
15. Pérez Orozco, Raquel
16. Pérez Pérez, Mª Carmen
17. Pérez Rey, Ignacio
18. Pozo Antonio, José Santiago
19. Taboada Castro, Javier
20. Vázquez Dorrío, José Benito
21. Vijande López, Javier

Alumnado

22. Santorum Ruíz, Héctor
23. Vergara Pérez, Rodrigo

Persoal de Administración e Servizos

24. García Caurel, Jesús
25. Romo Pérez, Mª del Carmen

Desculpan a súa ausencia

- Diez Ferrer, José Bienvenido
- Domínguez Santiago, Ángeles
- Eguía Oller, Pablo
- Rodríguez Rodríguez, Ana María
- Pacini, Romina
- Parente Artime, Belén

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Actas dos tribunais de Premio Extraordinario Fin de Grao (curso 2024/2025)

ANEXO V

Rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2023/2024)*

ANEXO VI

Rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección*

(curso 2023/2024)